



O MUÍÑO DO INFERNO

Estaba na cama, observando o teito da súa habitación escura.

Era de noite, as pólas das árbores petaban na súa ventá e o vento facía música coas follas.

Clara parecía inquietarse pola tardanza da súa nai.

Estaba absorta nun mundo imaginario formado por causa da tormenta que ese día San Pedro de Batalláns estaba padecendo.

De súpeto, a porta principal abriuse, e a xoven Clara saíu disparada cara ela. Estaba horrorizada coa tormenta polo que se alegrou da chegada da súa nai, Rosa.

Ao acabar de cear, Clara dirixiuse a súa habitación para dispoñerse a durmir pero ó chegar, sentiu un ruído estraño que proviña do río e a atraía cunha forza sobrenatural.

Decidiu marchar sen avisar a súa nai, que xa estaba completamente dormida.

Aquela paisaxe era realmente espeluznante, os carballos, os eucaliptos e mais os amieiros parecían votarse a ela como lobos sedentos de sangue.

As follas do chan estaban húmidas polo rocío e Clara apenas podía dar un paso sen esvarar.

Nas pólas dos castiñeiros estaban pousadas varias curuxas, paxaros de mal agoiro.

Preto da beira do río estaba o Muíño da Pedra, no cal Clara decidiu entrar para resgardarse da chuvia que comezaba a caír de novo. Tan pronto se dispuxo a entrarsentiu unha coitelada no peito, morrendo no acto.

Ao día seguinte, Rosa, a súa nai, observou a falta de Clara na casa e decidiu ir a ver se seguía na cama.

Abriu a porta da súa habitación e esta estaba baleira. De repente, unha corazonada chamou a súa atención.

Botou a correr polo carreiro que se dirixía ao río. Pola estreitez do mesmo caíu varias veces.

Ao chegar á beira do río, quedou inmóvil ao observar o corpo sen vida da súa filla, que estaba aberto en canle, coas vísceras sobresaíndo o seu estómago e as troitas descuartizando a carne que lle quedaba, posto que algunhas partes do seu corpo xa desapareceran co paso da noite.

O certo é que aquelas troitas tiñan un misterioso comportamento, algo que non era de este mundo.

Dona Pereira